

COMUNICADO DE PRENSA: 30 de Setembro 2015

O Partido Socialista de Piñor quiere saír ó paso das mentiras contidas na nota de prensa enviada polo grupo de goberno do Concello de Piñor, relativa ó acontecido no Pleno do pasado luns.

- 1. Modificación de créditos e a situación económica do Concello.** O Partido Socialista votou a favor da modificación de créditos do Orzamento deste ano por responsabilidade pese a que o Alcalde non soubo explicar en que ían a gastar esos cartos. Esta modificación de créditos, desmonta o discurso do PP acerca da situación económica do Concello; se esa situación fose coma eles din, non se explica como empregan nesa modificación, uns 33.750 Euros de remanente de Tesourería provintes do Orzamento do ano pasado (lembrar que o remanente era de máis de 90.000 Euros). Este é un dato esencial que o grupo de goberno oculta na súa nota. Continuando coa situación económica, aclarar que, a situación de endebedamento da que fala, está por baixo dos límites establecidos pola lei, é máis, non chega nin ó 75% dos recursos ordinarios, tendo unha situación económica máis saneada ca moitos Concellos de Galicia e da Comarca. Omite, descaradamente, que os bens do Concello están valorados en case 2.000.000 de Euros, dos cales, 1 Millón e medio, correspóndense con bens adquiridos durante o goberno socialista. Minten, tamén, na listaxe de facturas pendentes de pago, non hai ningunha factura pendente de pago rexistrada con anterioridade ó ano 2015; listaxe que, por certo, debería coñecer ben o grupo de goberno porque se envían ó Ministerio de Facenda. Outro dato a ter en conta é a cuantiosa cantidade de diñeiro que tanto a Xunta coma a Deputación lle adebedaban ó Concello. É difícil de crer, esa preocupación pola xestión económica do Concello e polo aforro que agora usan como recurso para todo, cando hai menos dun ano, o PP non votou a favor dunha cancelación de préstamos que lle supuxo ó Concello un aforro ben importante. Acaso lles veu agora o sentidiño económico? Dubidamos que o aforro do que falan durante estes meses sexa tal e xa se comprobará segundo vaíamos vendo as facturas.
- 2. Eliminación do servizo de dinamización forestal.** Tratábase dun proxecto fundamental para o desenvolvemento futuro do Concello. Un proxecto que pretendía que o Concello, traballase man con man cos veciños e cos titulares da grande cantidade de terras a monte que están sen aproveitar e que son pasto

dos lumes, ano tras ano. Eran uns cartos moi ben empregados e investidos en poñer en produción as numerosas parcelas forestais que hai no Concello. Soamente a mesquindade e a bisoñez do grupo de goberno, xustifican a eliminación deste proxecto. O acompañamento e paseo por outros departamentos, que propoñen como alternativa, parécenos irrisorio e unha falta de respecto para toda a veciñanza de Piñor.

3. **Xestións feitas durante estes 3 meses.** Todas as actividades das que fala o grupo de goberno na súa nota de prensa, estaban proxectadas polo anterior goberno socialista; tanto no que respecta ás actividades de verán, a viaxe a Cerceda, as clases de apoio escolar, os asfaltados de Vilanfesta e Casmoniño, a mellora do alumeadado en Torguedo....e ata das que se esquece, intencionadamente, o actual grupo de goberno: A substitución do cableado público en Paredes, A Devesa e A Cal de Torcela, os asfaltado do tramo que faltaba da estrada de A Corna a Coiras, o asfaltado da pista do cruce de Vilar á Eirexe de Torcela, entre outros. Todas elas proxectadas e con financiación acadada polo Partido Socialista.
4. **Non respecto dos dereitos da oposición.** No Pleno do que estamos a falar, o grupo de goberno rexeitou o recurso plantexado polo Grupo Socialista contra o acordo de composición da Comisión de Contas. Non se respecta o número de membros que nos corresponden, tendo máis membros o PP pese a ter menos concelleiros que o PSOE.

En resumo, o grupo de goberno, conscientes de que o papel atura todo, seguen no seu xogo de mentiras e medias verdades, facendo oposición da oposición no canto de adicarse a gobernar para todos os veciños e veciñas de Piñor e, o que é máis grave, voltando a prácticas caciquís e clientelares como teremos ocasión de ir desvelando.